VI mañás de verán

2011

PARA RAPACES DE
3 A 12 ANOS

Datas: do **27 de xuño ao 14 de xullo de 2011**
de luns a venres
Horario: de **10:00 a 13:30 h** + tres tardes
Servizo de **gardería** de 9:00 a 10:00 h
e de 13:30 a 15:00 h

Lugar: **Colexio salesiano**
Inscrición: na Asociación Xuvenil
Amencer

organiza e informa:

Asociación Xuvenil Amencer
Praza D. Bosco, 1, baixo
Ourense

Tlf: 988 218 123
amencer@amencer.org
www.amencer.org

AMENCER
ASOCIACIÓN XUVENIL

Benqueridas familias:

A Asociación Xuvenil Amencer vólvese pór en contacto convosco para anunciarvos que xa podedes inscribir aos vosos/as fillos/as nas **VI *Mañás de Verán***.

As actividades de ***Mañás de Verán*** realizaranse de luns a venres, *do 27 de xuño ao 1 de xullo* a primeira semana, do 4 ao 8 de xullo na segunda semana e **como novidade, este ano haberá unha terceira semana do 11 ao 14 de xullo** (rematando en xoves). O horario de mañá será desde as *10:00h. ata as 13:30h.* dentro das instalacións do colexio salesiano. Os días de piscina e saída serán ata as 18.30h. e o último día, a velada durará ata ás 18:00h.

Os *obxectivos* que nos marcamos con este proxecto son educar en valores a través do xogo, favorecer a creatividade dos vosos fillos/as, favorece tamén a participación e o traballo en equipo, e poder seguir empregando as instalacións do noso colexio fóra do horario escolar. Outro dos nosos obxectivos e facilitarvos a conciliación da vosa vida laboral coa vosa vida familiar.

Os *destinatarios/as* destas actividades poderán ser todos os nenos e nenas **desde 1º de Infantil (3 anos), ata 6º de Primaria (incluídos) de calquera colexio de Ourense.**

Dado as datas nas que se van realizar, é posible que non vos interese ou non poidades traer aos vosos rapaces/zas durante as tres semanas. Por iso vos damos a opción de que participen nunha ou noutras semanas, que vós elixiriades, pero sempre semanas enteiras, nunca días soltos. Se os vosos fillos/as participan na primeira semana e queredes ampliar á segunda, **sempre que queden prazas** poderedes facelo, anotándovos o xoves 30 de xuño, de 9:45h. a 10:30h. e de 12:45h. a 13:30h. Se a ampliación é para a terceira semana, será o xoves 7 de xullo no mesmo horario; participarán aqueles que poidan segundo a relación animadores/rapaces, e por rigorosa orde de inscrición.

O tipo de actividades que se levarán a cabo serán, entre outras, obradoiros, xogos de mesa, actividades de animación á lectura, ciencia divertida, xincana de auga, deportes... Realizaranse dentro do colexio, agás algunhas delas que serán fóra do recinto escolar: baño na piscina de Oira , saída a parques, excursións... Este ano continuaremos co servizo opcional de gardería, que teremos todos os días de 9:00h. a 10:00h e que custará **un euro diario** a maiores do prezo da cota. **Outra das novidades** deste ano é que contaremos cun servizo de gardería especial de 13:30h. a 15.00h, coa posibilidade de que o neno/a coma neste tempo (traerá a comida da casa e nós estaremos pendentes; tamén terán a posibilidade de quentar a comida) e custará **dous euros** diarios.

Sempre se deixará e recollerá o rapaz/a dentro do colexio, tendo que deixar notificado na ficha de inscrición quen é a persoa encargada de recoller ao participante

Os horarios serán diferentes aos habituais durante catro días: os días de piscina, o de excursión e o último día da velada. Estes días os nenos e nenas xantarán deberan traer a comida da casa. O día da velada final a comida a faremos no colexio; pola tarde, todos os pais e nais estades convidados á velada, que consistirá nas actuacións que fagan os nenos e nenas no Teatro do colexio salesiano a partir das 16.00h ata as 18.00 h.

As actividades poden sufrir un cambio de día ou horario por motivos alleos á coordinación, por iso é moi importante revisar o taboleiro de anuncios todos os días.

A cota que terá que pagar por cada participante dependerá do número de semanas nas que participe, habendo tamén variacións no caso de que participen varios irmáns. **Os nenos e nenas que sexan socios de Amencer terán os mesmo prezos que os do colexio salesiano.** Os prezos establecidos son os seguintes:

	Nenos/as do colexio salesiano "Mª Auxiliadora" Socios/as de Amencer (*)		
	TEMPO		
	1 semana	**2 semanas**	**3 semanas**
1 Membro	**45 €**	**70 €**	**95 €**
Irmáns:			
2º Membro	**40 €**	**65 €**	**90 €**

(*)
A diferenza de prezo é asumida pola ANPA do colexio Salesiano e nos casos dos socios de Amencer por Amencer.

	Nenos/as doutros colexios		
	TEMPO		
	1 semana	**2 semanas**	**3 semanas**
1 Membro	**50 €**	**75 €**	**100 €**
Irmáns:			
2º Membro	**45 €**	**70 €**	**95 €**

Este prezo inclúe, entre outras cousas**,** o emprego de materiais, o desprazamento en bus a Oira, animadores/as, uso de instalacións...

Unha cousa que queremos deixar clara desde a organización é que non queremos que ningún rapaz/a deixe de participar e gozar desta oportunidade só por motivos económicos. Por iso, se algunha familia se atopa nesta situación, que fale directamente con Xulio César Iglesias ou con Laura Valcárcel, en Amencer, para buscar a mellor solución entre todos.

Nun primeiro momento facémosvos chegar unha ficha de inscrición para cumprimentar e entregar nun prazo marcado por todos aqueles que estean interesados en participar. Haberá unha reunión o mércores 21 de xuño ás 20:00h. para todos os pais/nais dos rapaces/zas que estean inscritos, para tervos informados sobre o desenvolvemento, organización e avisos das actividades.

O **prazo** para entregar a inscrición e a cota será ata **o mércores 21 de xuño** incluído, entregándoa nos locais da Asociación Xuvenil Amencer, tendo en conta que haberá prazas limitadas, podéndose cubrir antes de que remate este prazo. Aínda así, chegada a data tope, poden quedar prazas libres.

Sen máis, agradecemos a vosa colaboración e participación, esperamos que esta iniciativa sexa do voso agrado. Recibide un cordial saúdo.

Equipo de Animadores/as da Asociación Xuvenil Amencer

Información e inscricións:

Asociación Xuvenil Amencer
Praza D. Bosco 1, baixo
32003 Ourense
Tlf: 988 218 123
Correo-e: amencer@amencer.org
www.amencer.org